



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

DECRETO DA ALCALDÍA

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei (Lugo).

Vista a proposta de selección resultante da Acta da reunión do Tribunal Cualificador nomeado para levar a cabo as probas para a selección de dous peóns que prestarán servizos con carácter temporal no concello de Castro de Rei para a realización da obra "Tarefas de mantemento forestal", de data 12 de xullo de 2021.

Vista a cláusula décima das *Bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal con carácter temporal (programas para a contratación temporal polas entidades locais de persoas para o fomento do emprego no medio rural) para prestar servizos no concello de Castro de Rei (Lugo)*, aprobadas o 28 de xuño de 2021, por Decreto de Alcaldía Nº. 373.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, 61.1.h) da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e o 41.2 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista de aspirantes seleccionados, a lista de aspirantes de reserva e a proposta de selección do Tribunal Cualificador para cubrir dous postos de peón para a realización da obra/servizo denominada/o "Tarefas de mantemento forestal".

Segundo.- Aprobar a contratación dos seguintes aspirantes seleccionados para cubrir dous postos de peón para a realización da citada obra:

- D. Alberto Pena Rodríguez con NIF 33332037-T.
- D. Luis Arias Valcárcel con NIF 33825705-L.

Terceiro.- Formalizar os contratos de traballo baixo a modalidade de contrato temporal de traballos de interese social, en réxime de dedicación a tempo completo (100% da xornada), por un período de 9 meses comprendido entre os días 30 de xullo de 2021 a 29 de marzo de 20212 (ambos incluídos).

Cuarto.- Instar aos candidatos seleccionados para que presenten, no Rexistro Xeral do Concello de Castro de Rei, previamente á formalización dos contratos, a documentación que se relaciona na cláusula undécima das bases que rexen a convocatoria.

Quinto.- Determinar que a retribución dos traballadores relacionados que se van contratar para a realización da/o citada/o obra/servizo, que non está suxeita a ningún convenio é, en importe mensual, a da seguinte táboa:

| NÚM. TRAB. | GRUPO COTIZAC. SEG.SOC. | OCUPACIÓN | CNAE 2009 (4 díxitos)/ OCUPACIÓN (letra) | CUSTO UNITARIO MENSUAL | | | | CUSTOS TOTAIS | | |
|-----------------------------|-------------------------|-----------|--|------------------------|---------------------------|----------------------------|---------------------|----------------------------|----------------|-------------------------|
| | | | | SALARIO BRUTO (1) | % COTA PATRONAL SEG. SOC. | COTA PATRONAL A SEG.SOCIAL | TOTAL CUSTO MENSUAL | DURACIÓN CONTRATO EN MESES | TIPO XORNADA % | CUSTOS SALARIAIS TOTAIS |
| 2 | 10 | PEÓN | 8411D | 1.108,69 | 37,80 | 419,08 | 1.527,77 | 9 | 100% | 27.499,8 |
| TOTAL SUBVENCIONABLE | | | | 1.108,69 | 37,80 | 419,08 | 1.527,77 | 9 | 100% | 27.499,8 |

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización.



Sexto.- Publicar o presente decreto na páxina web www.castroderei.gal, para os efectos do disposto na cláusula décima das citadas bases que rexen a convocatoria.

(Asinado dixitalmente á marxe).



Cod. Validación: 9AAEM55FZZHC5CSZDX3EDZC7X | Corrección: <https://castroderei.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2